

I PREMIO DE POESÍA ESTRATOSFÉRICA

Bases do premio

O I Premio de Poesía Estratosférica é unha iniciativa de NOSA (Axencia Espacial Escolar Galega) solidariamente entre os seguintes institutos: IES Maruxa Mallo de Ordes, IES Miraflores de Oleiros e IES Marco do Camballón de Vila de Cruces.

1. Poderán concorrer ao I Premio de Poesía Estratosférica autoras e autores de calquera nacionalidade, presentando unha soa obra de temática cósmica escrita en lingua galega.
2. O premio ten **catro categorías, unha por cada un dos institutos organizadores e outra libre** para calquera estudante de ESO ou do Bacharelato que estea cursando estudos nalgún centro público galego, e **consistirá no envío dos poemas á estratosfera dentro da cápsula MarumaSat III** tras a súa lectura pública no acto do lanzamento. Se poden recuperarse, devolveranse certificados ás súas autoras ou autores e en caso de que se perdesen na viaxe certificarase unha copia exacta. Todos eles serán debidamente enmarcados antes de devolvérense ás súas autoras ou autores.
3. As obras aspirantes, que deberán ter unha **extensión máxima dunha páxina**, serán inéditas na súa totalidade e non poderán estar presentadas simultaneamente a outros concursos.
4. Os **orixinais** deberanse presentar **mecanografados e baixo lema**. O mesmo lema, a carón da categoría en que compite o poema, deberá figurar no exterior dun sobre pechado que conteña os seguintes datos: título da obra, nome e apelidos da autora ou autor, fotocopia do DNI, enderezo postal, enderezo electrónico e teléfono de contacto.

5. Os **traballos da categoría aberta** deberanse enviar por correo postal ou empresa mensaxeira ao: Departamento de Lingua Galega e Literatura do IES Maruxa Mallo de Ordes, As Casillas s/n, 15680 Ordes, A Coruña. Indicarase I Premio de Poesía Estratosférica no sobre. Os das outras categorías depositaranse nas conserxerías dos centros organizadores.

6. O **prazo de admisión rematará o 20 de marzo de 2018**. Excluíranse todos os envíos que leven data posterior.

7. O xurado cualificador estará constituído por persoas de recoñecido labor no ámbito literario. Como presidente actuará a persoa escollida por NOSA a tal efecto. Corresponderalle ao xurado a interpretación destas bases e a súa decisión será inapelable.

8. **A decisión do xurado do I Premio de Poesía Estratosférica** farase pública, a través dos medios de comunicación, co gallo do lanzamento da sonda estratosférica MarumaSat III.

9. Poderase declarar o premio deserto en todas ou en calquera das catro categorías, de non existiren obras de calidade adecuada a xuízo do xurado.

10. As obras premiadas publicaranse nas actas do seguinte congreso de NOSA, e renunciarán as autoras ou autores, na primeira edición, aos dereitos que puidesen corresponderlles. De existiren posteriores edicións, deberase facer constar nelas que a obra recibiu o I Premio de Poesía Estratosférica de NOSA (Axencia Espacial Escolar Galega).

11. Non se devolverán os orixinais nin se admitirán reclamacións sobre eles. O feito de presentarse ao I Premio de Poesía Estratosférica implica a aceptación por parte das persoas participantes das presentes bases na súa totalidade.

Vila de Cruces, 5 de febreiro de 2018